



**JUAN MARQUINA FUENTES, VICESECRETARIO XERAL DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:**

C E R T I F I C O: Que o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria do día **27 de xullo de 2018**, adoptou, por unanimidade, o seguinte acordo:

**MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE O SERGAS PRESTE UN
SERVIZO ADECUADO PARA A PROTECCIÓN DA SAÚDE DA INFANCIA.-**

1. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para que se desenvolva un plan de mellora da atención primaria e a reposición de prazas de pediatría, evitando así as derivacións masivas de menores a outros centros de saúde e a masificación destes centros de referencia.
2. Que esta deputación inste ó SERGAS para que restablezan, de xeito inmediato, os servizos de atención pediátrica nos concellos do rural da nosa provincia.
3. Dar traslado formal do acordo adoptado polo pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde.

E para que conste, -nos termos do artigo 206 do vixente ROF-, expido este certificado en Ourense, o trinta de xullo de dous mil dezaioito.

V. e pr.

O PRESIDENTE,